

14. Nas extincións de incendios en locais onde haxa substancias tóxicas, inflamables ou explosivas en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións aplicables, recargarase a cota resultante dos apartados anteriores nun 100%.

15. Normas de aplicación das tarifas:

A efectos do cómputo do tempo do servizo terase en conta dende a hora de saída dos efectivos do Parque, momento no que se inicia para tódolos efectos a prestación do servizo, ata a hora de chegada ó mesmo. As horas ou fraccións incompletas se tarifarán igualmente como horas ou fraccións completas de prestación de servizo.

No caso de que non se chegue a intervir, cobrase unicamente a saída do vehículo da Base, agás os desprazamentos realizados fora do termo municipal onde se aplicará ademais o disposto no punto 10 deste artigo.

As incorporacións de medios que puideran producirse tarifaranse por analogía as existentes, ate a súa regulación específica.

A presente ordenanza foi modificada polo Pleno de 22.08.02 e será de aplicación a partir do día 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a aprobación definitiva destas ordenanzas fiscais e impostos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente de dita xurisdicción no prazo de dous meses, contados desde o seguinte ó desta publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Sanxenxo, 14 de outubro de 2002.—O Alcalde,
Telmo Martín González. 7743

* * *

A ESTRADA

Aprobada polo Pleno a Ordenanza Municipal de Circulación e exposta ó público no BOP do 8 de abril de 2002, e non habéndose producido reclamacións queda aprobado definitivamente. A entrada en vigor terá a publicación íntegra da mesma no BO da Provincia.

ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN CONCELLO DA ESTRADA

TITULAR PRELIMINAR

ARTIGO 1

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e das disposicións contidas no R.D. Lexislativo 339/90, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, Lei 5/1997 de 24 de marzo e Lei 19/2001 de 19 de decembro,

díctase a presente ordenanza que ten por obxecto regula-la circulación nas vías e terreos públicos urbanos, aptos para a circulación, dentro do Concello da Estrada.

ARTIGO 2

Ós efectos expresados no artigo anterior, consideraranse vías públicas urbanas, todas aquelas que teñan carácter de dominio público e de titularidade municipal, así coma aquelas outras, que sen seres de titularidade municipal poidan estar comprendidas en zonas urbanas, de conformidade coa tipificación do instrumento urbanístico correspondente.

ARTIGO 3

Subsidiariamente naquelas materias non reguladas expresamente pola presente Ordenanza, ou no seu caso nos seus anexos, aplicarase a Lei de Tráfico e Seguridade Vial, Regulamento Xeral de Circulación e demais normas de carácter xeral.

ARTIGO 4 *Conceptos utilizados*

Ós efectos desta Ordenanza e Normas Complementarias, os conceptos básicos sobre vías públicas, vehículos, sinais e usuarios, utilizaranse os indicados no anexo da Lei de Tráfico e Seguridade Vial.

ARTIGO 5 *Competencia do Ministerio do Interior*

Recoñece ó Ministerio do Interior, a través do Organismo Autónomo, Xefatura Central de Tráfico, o exercicio das competencias xerais que se lle atribúen ós artigos 5 e 6 da Lei de seguridade vial.

ARTIGO 6

Igualmente recoñécese a competencia sancionadora que exerce o Subdelegado do Goberno da Provincia, ben directamente ou a través da Xefatura Provincial de Tráfico e que lle vén atribuída nas disposicións legais vixentes.

ARTIGO 7 *Competencia Municipal*

Corresponderán ó Concello da Estrada, as seguintes competencias, as cales se exercerán polo Ilmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, nos casos nos que non se atribúan expresamente ó Pleno ou Comisión de Goberno:

- a) A ordenación e control do tráfico nas vías da súa titularidade, así coma a vixilancia e denuncia das infraccións que se cometan nestas vías, por medio de axentes propios, e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra administración.
- b) A regulación mediante Bando da Alcaldía, dos usos das vías urbanas, facendo compati-

ble a equitativa distribución dos estacionamentos entre tódolos usuarios, coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así coma o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación de aparcamentos.

- c) A inmovilización dos vehículos en vías urbanas cando non estean provistos de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida, ata que se logre a identificación do conductor. A retirada dos vehículos das vías urbanas e posterior depósito daqueles que obstaculicen ou dificulten a circulación ou supoñan un perigo para este ou estean incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido, nas condicións previstas para a inmovilización neste mesmo artigo. Igualmente, a retirada de vehículos nas vías interurbanas e o posterior depósito destes, nos casos e condicións que regulamentariamente se determinen.
- d) A autorización de probas deportivas cando discorran íntegra e exclusivamente polo casco urbano.
- e) A realización de probas, por medio de Axentes propios, regulamentariamente establecidas para determinar o grao de intoxicación alcohólica, ou por estupefacientes, psicotrópicos ou estimulantes, dos conductores que circulen polas vías públicas urbanas.
- f) O cerramento das vías urbanas cando sexa necesario.
- g) A regulación do servizo de transporte escolar, e dos vehículos de servizos de clase "B", Auto Taxi e clase "C", ambulancias, nos termos recollidos na súa regulamentación específica.
- h) A regulación das paradas e itinerarios do Transporte Interurbano, nas súas entradas e saídas da cidade. Ata a Estación de Autobuses.
- i) A regulación dos transportes pesados e perigosos, nos termos que se reflicten na súa ordenanza específica.
- l) A regulación da carga e descarga.
- m) A regulación dos viais de titularidade municipal, sitos no termo da Estrada.

ARTIGO 8

Corresponde á Policía Local, ordenar, regular e dirixir-lo tráfico no casco urbano, de conformidade co establecido no artigo 53 da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade e segundo as normas, Bandos e Ordenanzas dictadas ó efecto.

Así mesmo será da súa competencia formular as denuncias que procedan polas infraccións que se

cometan contra o disposto na presente Ordenanza, Lei de Seguridade Vial, Regulamento Xeral de Circulación, e demais disposicións complementarias.

TÍTULO I ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 9

As normas desta Ordenanza, que complementan o disposto no Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, Lei 5/1997 de 24 de marzo e Lei 19/2001 de 19 de Decembro serán de aplicación a tódalas vías do Concello.

TÍTULO II SINALIZACIÓN

ARTIGO 10

1.—Os sinais preceptivos colocados ás entradas da poboación, rexen para toda ela, agás sinalización específica para un tramo de rúa.

2.—Os sinais que estean nas entradas das illas de peóns ou zonas de circulación restrinxida rexen en xeral para tódolos seus respectivos perímetros.

3.—Os sinais dos axentes da Policía Local prevalecen sobre calquera outra.

ARTIGO 11

1.—Non se poderá colocar nin retirar ningún sinal sen a previa autorización da Alcaldía, ou, no seu caso, da C.M. de G, á que se elevará proxecto, informado pola Policía Local e o persoal técnico municipal. Os sinais colocados sen autorización, deteriorados ou que perderan a súa vixencia, serán inmediatamente retirados por quen os colócase cando sexan requiridos para eso.

2.—Só se poderán autorizar os sinais informativos que, a criterio da Autoridade municipal, teñan un auténtico interese público.

3.—Non se permitirá a colocación de publicidade sobre os sinais ou xunto a eles, agás que expresamente así autorice a Alcaldía, ou, no seu caso, a Comisión Municipal de Goberno. A súa colocación someterase a informe da Policía Local, que versará sobre a necesidade e efectividade dos sinais, e, en consideración á forma e características da vía, sobre a súa situación. Con carácter xeral prohibíbase o emprego de aparellos sonoros con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción. Esta prohibición non rexerá nos casos de alarma, urxencia ou de especial significación cidadá. Queda así mesmo prohibida a publicidade estática nas beirarrúas e inmediacións da calzada así como en sinais, árbores, farolas, mobiliario urbano en xeral e elementos afectos ó tránsito, sen autorización municipal previa.

4.—Prohíbese a colocación de toldos, carteis anuncios e instalacións en xeral que ceguen, impidan ou limiten a tódolos usuarios, a normal visibilidade de semáforos e sinais, ou poidan distrae-la súa atención. A súa colocación someterase a informe da Policía Local e posterior autorización da Alcaldía, ou, no seu caso da Comisión Municipal de Goberno.

5.—Prohíbese deteriorar, trasladar, ocultar ou modificar de calquera xeito os sinais de circulación.

6.—O Concello procederá á retirada inmediata de toda aquela sinalización que non estea debidamente autorizada ou non cumpra as normas en vigor. E isto, tanto para o que respecta ós sinais non regulamentarias ou non autorizadas, así coma para as de forma, colocación ou deseño incorrecto.

ARTIGO 12 *Interseccións sen sinalizar*

Ningún dos camiños e pistas existentes no Concello ten prioridade de paso, salvo a existencia de sinais que así o indiquen.

En defecto de sinal que regule a preferencia de paso, o conductor está obrigado a cedelo ós vehículos que se aproximen pola súa dereita, agás nos seguintes supostos:

- a) Terán dereito de preferencia de paso os vehículos que circulen por unha vía pavimentada fronte ós procedentes doutra sen pavimentar.
- b) Os vehículos que circulen por rais teñen dereito de prioridade de paso sobre os demais usuarios.
- c) Nas glorietas, os que se atopen dentro da vía circular terán preferencia de paso sobre os que pretendan acceder a aquelas.

TÍTULO III ACTUACIÓNS ESPECIAIS DA POLICÍA LOCAL

ARTIGO 13

A Policía Local, por razóns de seguridade ou de orde pública, ou ben para garanti-la fluidez de circulación, poderá modificar eventualmente a ordenación existente naqueles lugares onde se produzan grandes concentracións de persoas ou vehículos e tamén en casos de emerxencia. Con este fin, poderán colocar ou retirar provisionalmente os sinais precisos, así como toma-las oportunas medidas preventivas.

TÍTULO IV OBSTÁCULOS NA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 14

1.—Prohíbese a colocación na vía pública de calquera obstáculo ou obxecto que poida difi-

culta-la circulación de peóns ou vehículos ou causar riscos ós mesmos ou deterioren a mesma ou as súas instalacións. Se é imprescindible a instalación dalgún na vía pública, será necesaria a previa obtención de autorización municipal, e na que se determinarán as condicións que deben cumprirse, que será sometida a informe da Policía Local, ademais doutros que se consideren necesarios. 2.—Exclúense do disposto no punto anterior, os casos de perda de carga ou accidente, nos que se adoptarán polo causante ou por quen tivese coñecemento do feito, as medidas necesarias para advertir, ós demais usuarios, da existencia do perigo ou obstáculo.

ARTIGO 15

Todo obstáculo autorizado que dificulte a libre circulación de peóns ou vehículos, deberá estar debidamente protexido, sinalizado e, en horas nocturnas, iluminado para garanti-la seguridade dos usuarios.

ARTIGO 16

Por parte da Autoridade Municipal poderase proceder á retirada de obstáculos, previa comunicación ó interesado e cos gastos a cargo do mesmo, cando este non adopte as medidas necesarias, e nos seguintes casos:

- 1.—Non se obtivese a correspondente autorización.
- 2.—Se extinguisen as circunstancias que motivaron a colocación do obstáculo ou obxecto.
- 3.—Que se exceda o prazo da autorización correspondente ou non se cumpran as condicións fixadas nesta. Se crease unha molestia, un atranco, ou un perigo grave, os axentes da Policía Local poderán proceder á retirada do obstáculo, previa comunicación ó responsable cando estea no lugar, ou posteriormente se non estivese informando ó Alcalde do actuado.

TÍTULO V PEÓNS

ARTIGO 17

1.—Os peóns transitarán polas beirarrúas, facendo preferentemente pola súa dereita. Onde non existan beirarrúas transitarán pola beiravía, sempre pola marxe esquerda no sentido da marcha, e procurando ocupa-lo menor espazo posible da calzada, se a beiravía non fose practicable.

2.—Cruzarán as calzadas polos pasos sinalizados e, se non os hai, polos extremos dos bloques de vivendas, perpendicularmente á calzada, coas debidas precaucións e ocupando este o menor tempo posible. Nas prazas e glorietas, cruzarán rodeándos.

3.—Nos pasos regulados deberán cumprir estrictamente as indicacións a eles dirixidas.

4.—Cando transiten pola noite en zonas de escasa iluminación, e se non hai beirarrúas levarán os elementos luminosos ou reflectantes necesarios para facerse ver.

5.—Quedan prohibidos na vía pública o uso de patíns e monopatín e o xogo de pelota e outros de similares características, agás naqueles lugares expresamente autorizados pola autoridade municipal.

6.—No casco urbano permitírase o tránsito dos cortexos fúnebres a pé, debendo poñerse en coñecemento da Policía Local o día e hora en que terán lugar.

TÍTULO VI PARADA

ARTIGO 18

Toda parada estará sometida ás seguintes normas:

1.—Como regra xeral, o conductor non poderá abandonar-lo vehículo, e se excepcionalmente o fixese, deberá telo o bastante cerca para retiralo no mesmo momento que sexa requirido para iso ou as circunstancias así o esixan.

2.—En calquera caso, a parada deberá facerse paralelamente ó bordo da calzada, situando o vehículo o máis próximo posible á beirarrúa da dereita, ou ó borde dereito da calzada segundo o sentido da marcha, aínda que en vías de un só sentido de circulación tamén se poderá efectuar na esquerda. Os pasaxeiros deberán baixar polo lado correspondente á beirarrúa, e o conductor, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure que pode efectualo sen ningún tipo de perigo.

3.—En tódalas zonas e vías públicas, a parada efectuarase nos puntos onde menos inconvenientes se produzan á circulación, e nas rúas con chafrán, xustamente no mesmo, sen sobresaír da aliñación das beirarrúas, e sempre que non reste visibilidade ó cruce. Exceptúanse os casos nos que os pasaxeiros estean enfermos ou impedidos e non exista outro lugar onde efectuar a parada, ou se trate de servizos públicos de urxencia ou de camiións do servizo de limpeza ou recollida de lixo, sempre que as circunstancias do tráfico o permitan sen que poida ser causa de grave obstrucción á circulación, se entorpeza o funcionamento dalgún servizo público ou se cree un risco potencial.

4.—Nas rúas urbanizadas sen beirarrúa, deixárase unha distancia mínima de un metro desde a fachada ou cerramento máis próximo e o costado do vehículo, sempre que o ancho da calzada permita a parada sen obstáculo á circulación.

ARTIGO 19

Queda prohibida totalmente a parada:

1.—Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida, nas súas proximidades e nos túneles.

2.—Nos pasos para peóns.

3.—Nos carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios e, polo tanto, nas zonas de peóns, taxi, e nas paradas de transporte público, reservas para taxi ou bus ou de calquera forma de servizo público ou privado autorizado de acceso restrinxido a determinados usuarios. Por excepción, nas paradas de transporte público poderán pararse os vehículos desta natureza e as reservas poderán utilizalas os vehículos autorizados.

4.—Nas interseccións e as súas proximidades.

5.—Nos lugares onde se impida a visibilidade da sinalización ós usuarios a quen afecte ou obrigue a facer manobras.

6.—Nas vías declaradas de atención preferente (ou baixo outra denominación, de igual carácter) por Bando da Alcaldía, con sinalización vial específica.

7.—En dobre fila, agás que aínda quede libre un carril en rúas de sentido único de circulación e dous en rúas de dous sentidos, sempre que o tráfico non sexa moi intenso, e non haxa espazo libre nunha distancia de 40 metros.

8.—Ó lado de plataformas, refuxios, paseos centrais ou laterais e zonas sinaladas con franxas no pavimento tanto se é parcial como total a ocupación.

9.—Nos rebaixes da beirarrúa para paso de diminuídos físicos.

10.— Nos lugares onde o prohiba a sinalización correspondente.

11.— Naqueles outros lugares onde se prexudique a circulación, creando obstrucción ou risco, aínda que sexa por tempo mínimo.

12.— Nas zonas destinadas para o estacionamento e parada de uso exclusivo para o transporte público o escolar.

TÍTULO VII ESTACIONAMENTO

ARTIGO 20

O estacionamento de vehículos rexeráse polas seguintes normas:

1.—Os vehículos poderanse estacionar en fila, é dicir, paralelamente á beirarrúa, en batería, é dicir,

perpendicularmente a aquela, e en semibatería, oblicuamente, de acordo coas marcas viais.

2.—A norma xeral é que o estacionamento se fará en fila. A excepción a esta norma deberase sinalizar expresamente.

3.—Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos colocaranse dentro do marcado.

4.—Os vehículos, ó estacionar, colocaranse tan preto da beirarrúa como sexa posible, aínda que deixando un pequeno espazo para permitirla limpeza desa parte da calzada, non inferior a 10 centímetros nin superior a 30 centímetros.

5.—En todo caso, os condutores deberán estacionalo seu vehículo de forma que nin poida poñerse en marcha espontaneamente nin o poidan mover outras persoas. A tal obxecto deberán tomalas precaucións pertinentes. Os condutores serán responsables das infraccións que se poidan chegar a producir como consecuencia dun cambio de situación do vehículo por causa dalgunha das circunstancias que se mencionaron, agás que o desprazamento do vehículo por acción de terceiros se producise con violencia manifesta.

6.—Non se poderán estacionar nas vías públicas os remolques separados do vehículo tractor que estea autorizado para desprazalos, os vehículos de terceira categoría e os vehículos especiais (ben agrícolas ou de obras e servicios), agás nas zonas expresamente autorizadas.

ARTIGO 21

Queda absolutamente prohibido o estacionamento nas seguintes circunstancias:

1.—Nos lugares onde o prohiban os sinais correspondentes.

2.—Onde estea prohibida a parada, cree obstáculo ou risco potencial á circulación.

3.—Sobresaíndo do vértice dunha esquina, obrigando ós outros condutores a facer manobras antirregulamentarias.

4.—En dobre fila, tanto se a primeira está ocupada por un vehículo, un contedor ou algún outro elemento de protección.

5.—En plena calzada. Entenderase que un vehículo está en plena calzada sempre que non estea xunto á beirarrúa, conforme determine o artigo 18.4 desta ordenanza.

6.—Naquelas rúas onde a calzada só permita o paso dunha columna de vehículos.

7.—Nas rúas de dobre sentido de circulación nas que o ancho da calzada só permita o paso de dúas columnas de vehículos.

8.—A distancia inferior a cinco metros dunha esquina en rúas de menos de tres carrís, ou cando

se moleste a manobra de xiro a calquera tipo de vehículo.

9.—En condicións que se moleste a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamente.

10.—Sobre as beirarrúas, plataformas, refuxios, paseos centrais ou laterais, zonas sinaladas para uso exclusivo de discapacitados e pasos de peóns e de ciclistas e zonas sinaladas con franxas no pavimento, tanto se é parcial coma total a ocupación.

11.—Ó lado de plataformas, refuxios, paseos centrais ou laterais, rebaixes para o paso de diminuídos físicos e zonas sinaladas con franxas transversais no pavimento.

12.—En zonas sinaladas como reserva de carga e descarga de mercadorías.

13.—Nos vaos, sinalizados correctamente, sexa a súa ocupación total ou parcial.

14.—Nun mesmo lugar por máis de oito días consecutivos e de forma ininterrompida.

15.—Fóra dos límites dos perímetros de estacionamentos sinalizados.

16.—Nas rúas sen beirarrúas a menos de 1 m das fachadas de edificacións ou muros de cerramento (de acordo co disposto no Art. 18.4 desta mesma ordenanza).

17.—Nas zonas que, eventualmente, vaian ser ocupadas para actividades autorizadas, ou as que deban ser obxecto de reparación, sinalización ou limpeza. Neste supostos darase información á prohibición polos medios de difusión oportunos, ou mediante a colocación de avisos nos parabrisas dos vehículos estacionados, e, en todo caso dos correspondentes sinais. Esta información previa efectuarase con vintecatro horas de antelación, agás casos de xustificada urxencia.

18.—Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como estacionamento limitado, en tempo, sen coloca-lo distintivo que o autoriza, ou cando colocado o distintivo se manteña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido por esta Ordenanza.

ARTIGO 22

1.—Nas rúas con capacidade máxima para dúas columnas de vehículos e con un único sentido de circulación, os vehículos serán estacionados nun dos lados da rúa, segundo se sinalice oportunamente. En caso de ausencia de sinalización o estacionamento farase de forma alternativa quincenal. Do 1 ó 15, lado dereito, do 16 ó 31 lado esquerdo.

2.—Nas rúas con capacidade máxima para tres columnas de vehículos e con circulación de dobre sentido, o estacionamento farase nun lado da rúa, de acordo coa norma do parágrafo anterior.

3.—No suposto de que a ausencia de sinais determine o estacionamento quincenal, ou onde expresamente así se sinalice, este realizarase de acordo coas seguintes normas:

- a) O cambio de estacionamento ó final de cada período, farase como máximo ás oito da mañá do primeiro día do período seguinte, sempre que, ó facelo, non se moleste a circulación. Cando o día do cambio sexa festivo, efectuarase o mesmo ata as nove horas como máximo.
- b) Non se poderá estacionar en ningunha das dúas bandas, ata que se poida facer no lado correcto sen ningún prexuízo para o tráfico.

ARTIGO 23

Se polo incumprimento do apartado 14 do artigo 21 desta Ordenanza, un vehículo resulta afectado por un cambio de ordenación do tráfico no lugar onde se atopa, cambio de sentido ou de autorización de aparcamento, de forma definitiva ou eventual, que comporte incluso o traslado do vehículo ó Depósito Municipal, o seu titular será responsable da nova infracción cometida, transcorridos 8 días desde o cambio.

ARTIGO 24

O estacionamento de vehículos de dúas rodas realízase da seguinte forma:

- a) Sempre que existan estacionamentos especiais, utilizaranse, estacionando en semibatería ou batería.
- b) O estacionamento na calzada farase en semibatería, ocupando un ancho máximo de metro e medio.
- c) Cando se estacione unha motocicleta ou ciclomotor entre outros vehículos, farase de forma que non impida o acceso a estes últimos ou a súa posta en circulación.
- d) Queda prohibido o estacionamento destes vehículos nos lugares e zonas excluídas ou non autorizadas ó tráfico.
- e) Queda prohibido o estacionamento de xeito que estes vehículos queden encadeados, enganchados ou atados entre si ou a calquera outro elemento non destinado a tal fin, ou causen molestias ós demais usuarios da vía.

TÍTULO VIII ZONA DE ESTACIONAMENTO LIMITADO

ARTIGO 25

Os estacionamentos regulados e con horario limitado, que existirán naquelas rúas e zonas habilitadas e sinalizadas para iso, que en todo caso debe-

rán de coexistir cos de libre utilización, someterase ás seguintes determinacións:

1.—O estacionamento efectuarase mediante tique de comprobante horario, que indicará a hora e o día do mes, ou semana, do estacionamento.

2.—O conductor do vehículo está obrigado a colocalo tique no lugar da parte interna do parabrisas que permita totalmente a súa visibilidade desde o exterior.

3.—O período máximo de permanencia dun vehículo en zona de horario limitado será o establecido na Ordenanza correspondente.

4.—Quedan excluídos desta limitación, os vehículos da Policía, Bombeiros, Ambulancias e médicos en servicio de urxencia.

5.—Unha vez concluído o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá de abandonalo aparcamento, e non poderá volver a estacionar na mesma rúa ou praza, ata transcorridas dúas horas.

6.—O horario de limitación comprenderá de 10,00 a 14,00 e de 16,00 a 20,00 horas. Agás os domingos e festivos e a tarde dos sábados, que non haberá limitación. Salvo que na Ordenanza correspondente se fixen outros horarios.

7.—Despois de sinala-la hora de chegada no tique correspondente, non se poderá variar ata que o vehículo abandone a zona de estacionamento limitado.

ARTIGO 26

Constituirán infraccións específicas desta modalidade de estacionamento:

- 1.—A falta do tique comprobante horario.
- 2.—Excede-lo límite horario indicado no comprobante en quince minutos.
- 3.—Modifica-la hora de chegada despois do estacionamento.
- 4.—Estacionar de novo o vehículo na mesma rúa ou praza, antes de transcorrer 2 horas contadas desde a hora de chegada.
- 5.—Ocupar dúas prazas de estacionamento, ou non axustarse ó espazo marcado para o vehículo.

ARTIGO 27

Cando un vehículo estea estacionado en zona de estacionamento regulado e con horario limitado durante máis dunha hora e media, contada desde que fose denunciado polo incumprimento das normas que regulen este tipo de estacionamento, poderá ser inmovilizado, ó obxecto de identifica-lo seu conductor e notifica-la denuncia pertinente; se fose reincidente, poderá ser retirado e trasladado ó Depósito Municipal. Tamén poderá ser retirado cando exceda o dobre do tempo aboado conforme ó establecido na Ordenanza correspondente.

ARTIGO 28

Considerando que a ocupación da vía Pública co estacionamento de vehículos, supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido, en virtude das facultades que se recoñecen ó Concello no Art. 25 da Lei de Bases de Réxime Local, do 2 de abril (BOE do 3/4/85), e no Art. 7 do texto articulado da Lei sobre Tráfico e Circulación e Seguridade Vial, do 2 de maio de 1990 (Real Decreto Lexislativo Nº 339), créase o servizo público de Zona de Estacionamento Limitado, que pretende acadar-lo acceso igualitario e limitado de tódolos condutores ó aparcamento nas zonas onde este é especialmente escaso.

TÍTULO IX
TARXETAS DE APARCAMENTO
PARA DIMINUÍDOS FÍSICOS

ARTIGO 29

1.—Poderán ser titulares de tarxetas de aparcamento para diminuídos físicos, aquelas persoas que poidan acredita-los seguintes requisitos:

- a) Presentar unha discapacidade que afecte á súa capacidade de desprazamento.
- b) Que a súa discapacidade sexa igual ou superior ó 33%.
- c) Que sexa residente no Concello da Estrada.
- d) Que sexa o titular dun vehículo adaptado, ou excepcionalmente, cando non estea capacitado para conducir, se poida autorizar para o vehículo do seu representante.

2.—Só se outorgará unha tarxeta por cada persoa diminuída, para un só vehículo. Se cambiase o vehículo terá que solicita-lo cambio de tarxeta, entregando a anterior. En caso de perda ou subtracción, deberá presentar denuncia do feito para obter unha nova tarxeta.

3.—A tarxeta utilizarase unicamente cando se transporte ó titular.

ARTIGO 30

1.—As tarxetas para aparcamento de diminuídos físicos, solicitaranse a través de instancia dirixida ó Sr. Alcalde, acompañada da documentación que se relaciona:

- a) Certificado de estar empadroado no Concello da Estrada.
- b) Fotocopia do D.N.I. do solicitante.
- c) Fotocopia do carné de conducir do discapacitado ou o do seu representante legal, no caso de que aquel non poida conducir, o que haberá que acreditar mediante certificación.
- d) Fotocopia da documentación do vehículo a nome do discapacitado, na que conste que este vehículo está adaptado ou, no seu caso, a nome do representante legal.

e) Fotocopia da certificación do INSERSO, Seguridade Social, ou de calquera Administración competente en materia sanitaria, na que se especifique a discapacidade que se padece. (Non se admitirán certificados médicos).

f) Fotocopia do xustificante de pagamento do último recibo do Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica do seu coche.

2.—A Alcaldía, ou, no seu caso, a Comisión Municipal de Goberno, unha vez informada a solicitude polos servizos da Policía local, aprobará a súa expedición, se procede.

3.—A Secretaría comunicará á Policía Local a aprobación, e esta expedirá a tarxeta (modelo que se describe no anexo), que recollerá o seu titular, e que se incluírá no Rexistro correspondente.

ARTIGO 31

1.—Os titulares desta tarxeta, poderán estacionar os seus vehículos durante dúas horas, e sen a obriga de colocar comprobante nos estacionamentos con limitación horaria regulados e con horario limitado, sempre que non tivesen preto zona reservada.

2.—Se non existise ningún tipo de zona reservada, para a utilización xeral de diminuídos físicos, preto do punto de destino do conductor, a Policía Local permitirá o estacionamento non incorra en ningunha das causas de retirada do vehículo, que prevé esta Ordenanza.

3.—Será sancionado quen utilizase unha tarxeta para diminuído sen se-lo seu titular ou representante, conforme o dispón o artigo 29-1.d, 2 e 3.

ARTIGO 32

Reservarase un espazo de estacionamento para discapacitados por cada 100 existentes nas zonas de estacionamento regulado, sobre todo naquelas zonas onde o estacionamento sexa escaso, sendo este o primeiro e o último da zona de delimitación horaria.

TÍTULO X
TARXETAS PARA PERSOAL SANITARIO

ARTIGO 33

Poderán ser titulares destas tarxetas de aparcamento para o persoal sanitario, aquelas persoas que poidan acredita-los seguintes extremos:

A.—Ser titulado sanitario.

B.—Ter consulta, ou o centro de traballo na Estrada.

C.—Acreditación do centro, ou declaración xurada, de que presta servizos de asistencia domiciliaria municipio.

ARTIGO 34

Só se outorgará unha tarxeta por persoa, e nela constará a matrícula do vehículo que utiliza. En caso de cambiar de vehículo, solicitarase unha nova tarxeta. O conductor do vehículo ten que se-lo titular da tarxeta.

ARTIGO 35

1.—As tarxetas para persoal sanitario serán solicitadas mediante instancia dirixida ó Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente, na que fagan consta-los datos persoais e as acreditacións ás que se fai referencia no Art. 33 da Ordenanza.

2.—A Alcaldía, ou a Comisión Municipal de Goberno, no seu caso, á vista desta solicitude e previos os informes que considere convenientes, aprobará a súa expedición, se procede.

3.—A Secretaría comunicará á Policía Local a aprobación, e esta expedirá a tarxeta (modelo que se describe no anexo), que recollerá o seu titular e se incluírá no rexistro correspondente.

ARTIGO 36

1.—As tarxetas, ás que fai referencia este capítulo, só serán utilizadas cando o seu titular se atope prestando servizo a domicilio con carácter urxente.

2.—Os titulares destas tarxetas, poderá estacionar-los vehículos autorizados nas zonas de estacionamento regulado e con horario limitado, sen limitación de tempo, cando se estean prestando un servizo de carácter urxente.

3.—A Policía Local permitirá o estacionamento destes vehículos naqueles lugares onde non se incorra nalgunha das causas de retirada do vehículo que prevé esta ordenanza.

4.—Será sancionado quen utilice unha tarxeta para persoal sanitario sen se-lo seu titular, ou para fins distintos dos descritos neste artigo.

5.—O titular da tarxeta informará no momento de ser requirido por un axente da Policía Local do domicilio visitado e o nome do enfermo.

TÍTULO XI**INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA****ARTIGO 37 Inmobilización do vehículo:**

1.—A Policía Local poderá determina-la inmovilización dos vehículos cando como consecuencia do incumprimento das normas contidas na presente ordenanza, da súa utilización puidese derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os bens e nos seguintes casos:

1º.—No suposto de accidente ou avaría que impida continua-la marcha con seguridade.

2º.—No suposto de perturbación física ou psíquica do conductor que lle impida leva-lo vehículo en condicións normais.

2.—Os axentes da Policía, sen prexuízo da denuncia que deberán formular polas infraccións correspondentes, poderán ordena-la inmovilización inmediata do vehículo nos seguintes casos:

1º.—Cando o conductor non leve o permiso de circulación do vehículo ou autorización que o substitúa e existan dúbidas en relación coa súa identidade ou domicilio.

2º.—Cando polas condicións externas do vehículo, se considere que constitúe un perigo ou produza danos na calzada.

3º.—Cando o vehículo circule cunha altura ou un ancho superior ó permitido na Lei de seguridade vial, ou no seu caso, na autorización especial de que puidese estar provisto.

4º.—Cando o vehículo circule cunha carga ou lonxitude total que exceda do 10 por 100 da que teña autorizada.

5º.—Cando as posibilidades de movemento ou o campo de visión do conductor resulten sensiblemente diminuídos polo número ou posición dos pasaxeiros ou pola colocación dos obxectos transportados.

6º.—Cando o conductor se atope en estado de embriaguez, ou se negue a realiza-las probas de detección de alcoholemia, presentando tales síntomas.

7º.—Cando non se levaran a cabo as inspeccións técnicas obrigatorias previstas na Lei de Seguridade Vial e supoña un grave risco para a seguridade do Tráfico.

8º.—Cando estacionado en Zona de limitación horaria non teña tique ou exceda o dobre do tempo aboado. Se unha vez inmovilizado o vehículo, o seu conductor solicitase da autoridade competente a súa posta en circulación, deberá satisfacer previamente, no seu caso, o importe dos gastos ocasionados con motivo da inmovilización, conforme ó que determine a Ordenanza Municipal correspondente.

3.—A inmovilización levarase a efecto no lugar que indique a autoridade Municipal, e non se levantará ata que queden corrixidas as deficiencias que a motivaron ou se proceda á retirada do vehículo nas condicións que esta Autoridade determine.

4.—No caso da inmovilización de ciclomotores e para garantir a medida cautelar esta levarase a cabo no depósito municipal en tódolos casos.

5.—Cando un vehículo estivese estacionado de xeito antirreglamentario, sen perturbar gravemente a circulación e o seu conductor non se atope presente, ou estando, se negase a retiralo, poderán

os Axentes immobilizalo por un procedemento mecánico que impida a súa circulación. Unha vez immobilizado o vehículo, o seu conductor solicitará da Autoridade competente a súa posta en circulación, para o que haberá de satisfacer previamente o importe das taxas regulamentadas na ordenanza correspondente.

ARTIGO 38 Retirada do vehículo

A Policía Local poderá proceder, se o obrigado a efectualo non o fixera, á retirada do vehículo da vía, e o seu traslado ó Depósito municipal de vehículos, nos seguintes casos:

1.—Sempre que constituía perigo ou cause grave problema á circulación ou ó funcionamento dalgún servicio público e tamén cando se poida presumir racionalmente o seu abandono na vía pública.

2.—En caso de accidente que lle impida continuar-la marcha.

3.—Cando estivera immobilizado por deficiencias do mesmo vehículo.

4.—Cando, immobilizado un vehículo, de acordo co que dispón o artigo 67.1, parágrafo terceiro, do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, o infractor persistira na súa negativa a depositar ou garanti-lo pagamento do importe da multa, por calquera medio admitido en dereito.

5.—Cando estacionado en Zona de horario limitado non cumpra as normas reguladoras desta Ordenanza, e se comprobe no Rexistro Municipal de Denuncias que foi denunciado con anterioridade por infracción similar.

ARTIGO 39

A título enunciativo, está xustificada a retirada dun vehículo, nos seguintes casos:

1.—En tódolos casos enumerados no Regulamento Xeral de Circulación e no Código de Circulación.

2.—Cando transcorresen 24 horas desde que o vehículo fora denunciado, en virtude do disposto no artigo 292 apartado III b), 13 do Código da Circulación de 25/09/1934, e continúe no mesmo lugar de infracción.

3.—Cando estea estacionado nun punto onde estea prohibida a parada.

4.—Cando estea estacionado en dobre fila sen conductor.

5.—Cando sobresaia do vértice dun chafrán ou do extremo do ángulo dunha esquina e obrigue ós outros conductores a facer manobras con risco.

6.—Cando estea estacionado nun paso de peóns sinalizado, no extremo dos bloques de vivendas destinados a paso de peóns ou nun rebaixe da beirarrúa para diminuídos físicos.

7.—Cando ocupe total ou parcialmente un vao.

8.—Cando estea estacionado nunha zona reservada para carga e descarga, durante as horas da súa utilización.

9.—Cando estea estacionado nunha parada de transporte público sinalizada e delimitada.

10.—Cando estea estacionado en lugares expresamente reservados a servicios de urxencia ou seguridade.

11.—Cando estea estacionado diante das saídas de emerxencia de locais destinados a espectáculos públicos, durante as horas de celebración.

12.—Cando estea estacionado nunha reserva para diminuídos físicos.

13.—Cando estea estacionado total ou parcialmente sobre a beirarrúa, plataforma, refuxio, paseo, zona de precaución ou zona de franxas no pavimento, agás autorización expresa.

14.—Cando impida a visibilidade do tráfico ó resto dos usuarios da vía pública.

15.—Cando impida o xiro ou obrigue a facer manobras para efectualo.

16.—Cando obstaculice a visibilidade do tráfico dunha vía pública ós conductores que accedan dende outra.

17.—Cando impida total ou parcialmente a entrada ou saída a un inmovible ós seus ocupantes.

18.—Cando estea estacionado en lugar prohibido en vía declarada de atención preferente ou baixo outra denominación de igual carácter, por Bando da Alcaldía e estea especificamente sinalizada.

19.—Cando estea estacionado en plena calzada.

20.—Cando estea estacionado nunha zona peonil fóra das horas permitidas, agás que estea expresamente autorizado.

21.—Sempre que, coma en tódolos casos anteriores, constituían perigo ou cause grave molestia á circulación ou ó funcionamento dalgún servicio público.

22.—Cando estea estacionado no itinerario ou espacio que teña que ser ocupado por unha comitiva, desfile, procesión, cabalgata, proba deportiva ou outra actividade de relevo, como é o mercado dos mércores, sempre que estean debidamente autorizados e sinalizados.

ARTIGO 40

A Policía Local tamén poderá retirar-los vehículos da vía pública, aínda que non estean en infracción, nos seguintes casos:

1.—Cando estean estacionados nun lugar que haxa que ocupar para un acto público debidamente autorizado.

2.—Cando resulte necesario para a limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.

3.—En caso de emerxencia. Estas circunstancias deberanse advertir co máximo tempo posible, e os vehículos serán conducidos ó lugar autorizado máis próximo que se poida, e se non houberse ningún, ó depósito, coa indicación ós seus titulares, cando fosen coñecidos, da situación daqueles.

Os mencionados traslados non comportarán ningún tipo de gasto para o titular do vehículo, calquera que sexa o lugar onde sexa conducido o vehículo.

ARTIGO 41

Agás as excepcións legalmente previstas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada do vehículo e a súa estancia no Depósito Municipal, serán por conta do titular, que deberá pagalos ou garanti-lo seu pagamento como requisito previo para a devolución do vehículo, sen prexuízo de dereito que ten de interposición do correspondente recurso. Por outra banda, a retirada do vehículo, só poderá facela o titular ou persoa autorizada.

ARTIGO 42

A retirada do vehículo suspenderase inmediatamente se o conductor comparece antes de que a grúa comezase a marcha co vehículo enganchado e adopta as medidas necesarias para facer cesa-la situación irregular na que se atopaba o coche, facendo efectivo, como requisito previo ó desenganche, o pagamento da taxa correspondente por enganche da grúa.

TÍTULO XII

VEHÍCULOS ABANDONADOS

ARTIGO 43

Poderase considerar que un vehículo está abandonado se existe algunha das circunstancias seguintes:

1.—Que estea estacionado por un período superior a quince días no mesmo lugar da vía pública.

2.—Que presente danos que permitan presumir racionalmente unha situación de abandono ou de imposibilidade de movemento polos seus propios medios.

3.—Cando trasladado ó Depósito Municipal, e notificado o titular conforme a dereito, non sexa retirado segundo o artigo 71 do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, segundo redacción dada pola Lei 11/1999.

ARTIGO 44

1.—Os vehículos abandonados serán retirados e ingresados no Depósito Municipal.

2.—Os gastos correspondentes de traslado e permanencia serán a cargo do titular do vehículo.

3.—Dos vehículos abandonados polos seus titulares, e con expresa exclusión dos suxeitos a intervención xudicial, pola Policía Local, e no seu caso os servicios administrativos correspondentes, farán as xestións de localización do seu titular, notificacións e anuncios preceptuados na lexislación de aplicación.

4.—No suposto de vehículos automóbiles con deterioro evidente, aplicarase o establecido no artigo 71 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor, segundo redacción da Lei 11/1999, e Lei do 21 de abril de 1998, nº 10/98 de Normas Reguladoras dos Residuos.

5.—As relacións de vehículos ós que se refire o apartado cuarto, irán asinadas pola Xefatura da Policía Local. En garantía dos titulares destes vehículos e a efectos de posibles reclamacións, de cada vehículo quedará constancia expresa da súa descripción e estado, con tódolos datos de que se dispoña, ademais de documentación gráfica, coordinándose as actuacións entre a Policía Local e o pertinente servicio administrativo.

O Alcalde autorizará, por decreto, a venda daqueles vehículos que reúnan estas condicións, a proposta da Policía Local.

TÍTULO XIII

MEDIDAS CIRCULATORIAS ESPECIAIS

ARTIGO 45

Cando circunstancias especiais o requiran, a Policía Local poderá toma-las oportunas medidas de ordenación do tráfico, prohibindo ou restringindo a circulación de vehículos, ou canalizando as entradas a unhas zonas da poboación por determinadas vías, así como reordenando o estacionamento.

TÍTULO XIV

ZONAS PEONÍS

ARTIGO 46

A Administración municipal poderá, porque as características dunha determinada zona da poboación o xustifiquen, establece-la prohibición total ou parcial de circulación e estacionamento de vehículos, ou só unha das cousas, co fin de reservar todas ou algunhas das vías públicas comprendidas dentro da zona mencionada ó tránsito de peóns. Estas zonas denominaranse zonas peonís e determinaranse mediante Bando.

ARTIGO 47

As zonas peonís deberán te-la oportuna sinalización na entrada e saída, sen prexuízo de poder utilizarse outros elementos móbiles que impidan a

entrada e a circulación de vehículos na rúa ou na zona afectada.

ARTIGO 48

Nas zonas peonís, a prohibición de circulación e estacionamento de vehículos poderá:

- 1.—Comprende-la totalidade das vías que estean dentro do seu perímetro ou só algunhas delas.
- 2.—Limitarse ou non a un horario preestablecido.
- 3.—Ter carácter diario ou referirse só a un número determinado de días.

ARTIGO 49

1.—Calquera que sexa o alcance das limitacións dispostas, non afectarán á circulación nin ó estacionamento dos seguintes vehículos:

A.—Os do Servicio de Bombeiros, os Corpos de Seguridade, as ambulancias e, en xeral, os que sexan necesarios para a prestación de servicios públicos, sempre que non teñan rutas alternativas.

B.—Os que transporten enfermos a un inmovible da zona.C.—Os que saian dun garaxe situado na zona ou vaian a el, e os que saian dun estacionamento autorizado dentro da zona peonil.

D.—As bicicletas, cando circulen a unha velocidade non superior ó paso das persoas.

2.—O incumprimento das normas establecidas neste título e no correspondente Bando, constitúen unha infracción que será sancionada.

TÍTULO XV

ZONA DE PRIORIDADE INVERTIDA OU RÚAS RESIDENCIAIS

ARTIGO 50

1.—Poderase establecer nas vías públicas, mediante a sinalización correspondente, zonas nas que as normas xerais de circulación para vehículos queden restrinxidas, e onde os peóns teñan prioridade en tódalas súas accións.

2.—As bicicletas tamén gozarán desta prioridade sobre o resto de vehículos, pero non sobre os peóns.

3.—O incumprimento do disposto nos dous puntos anteriores, constituirá unha infracción e será sancionado.

TÍTULO XVI

PARADA DE TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS

ARTIGO 51

1.—A Administración municipal determinará os lugares onde deberán situarse as paradas de transporte público.

2.—Non se poderá permanecer nestas máis tempo que o necesario para recoller ou deixar viaxeiros, agás as sinalizadas como orixe ou final de liña.

3.—Nas paradas de transporte público destinadas ó servicio de taxi, estes vehículos poderán permanecer, unicamente á espera da pasaxeiros.

4.—Procurarase que o número de vehículos autorizados non sexa superior á capacidade da parada.

5.—Non se efectuarán paradas ou estacionamentos de transporte público en lugar distinto dos autorizados, ou fóra do espacio limitado para os mesmos, agás no caso dos taxis para deixar viaxeiros.

6.—A desobediencia ó establecido nos puntos 2 e 5, constituirá unha infracción sancionable.

TÍTULO XVII

RESERVAS PARA O ESTACIONAMENTO NA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 52

1.—As reservas de estacionamento na vía pública deberán contar coa aprobación da Alcaldía ou a C.M.G., no seu caso, previo informe da Policía Local.

ARTIGO 53

1.—As reservas de carácter particular serán solicitadas polas persoas físicas ou xurídicas, ou entidades que pretendan o aproveitamento particular do dominio público e estarán suxeitas a prezo público de acordo coa ordenanza fiscal correspondente. Na solicitude farase constar-lo uso que se pretende, e se esta fose para determinados vehículos, as matrículas destes e os datos dos titulares, a duración e o carácter temporal dos mesmos, situación e medidas.

2.—Estas solicitudes serán informadas pola Policía Local, e os departamentos técnicos que se consideren convenientes, segundo o caso.

ARTIGO 54

As reservas de estacionamento poden ser:

1.—Para paradas de transporte público de viaxeiros.

2.—Para carga e descarga, de carácter particular.

3.—Para carga e descarga, de carácter xeral.

4.—Para estacionamento de servicios ou entidades públicas.

5.—Para diminuídos físicos de carácter xeral.

6.—Para diminuídos físicos de carácter particular.

7.—Para servicios de Policía, Bombeiros, Ambulancias e en xeral para servicios de urxencias.

O acordo de creación ou concesión da reserva de estacionamento conterà, en cada caso, as condicións de seu uso.

ARTIGO 55

Nos casos de reservas para determinados vehículos, expediranse tarxetas, de acordo cos modelos reseñados no anexo, coa finalidade de identificar ós vehículos autorizados. Esta tarxeta non ten outra finalidade que a identificación dos automóbiles de cada reserva e non autorizan estacionamentos en lugares distintos dos da reserva para a que son solicitados.

TÍTULO XVIII CARGA E DESCARGA

ARTIGO 56

A carga e descarga de mercadorías deberá realizarse fóra da vía, no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas. A apertura dos locais desta clase que, pola súa superficie, finalidade e situación, se poida presumir racionalmente que realizarán habitualmente, ou con especial intensidade, operacións de carga e descarga, subordinarase a que os seus titulares reserven o espazo interior suficiente para desenvolver estas operacións.

ARTIGO 57

1.—Cando as condicións dos locais comerciais ou industriais, non permitan a carga e descarga no seu interior, estas operacións faranse nas zonas reservadas para este fin.

2.—A Alcaldía, ou a C.M.G., no seu caso, poderá outorgar nas rúas do Concello zonas reservadas, para que os vehículos destinados ó transporte de mercadorías poidan efectuar a carga e descarga.

3.—As zonas reservadas sinalizaranse tanto vertical como horizontal cos sinais homologados polas normas vixentes en materia de tráfico.

4.—Poderán utilizarse as zonas de carga e descarga, unicamente os vehículos destinados ó transporte de mercadorías rotulados como tales.

5.—Só se poderá utilizar a zona de carga e descarga o tempo imprescindible para efectuar as operacións necesarias.

6.—Nas rúas peonís, non se utilizarán zonas reservadas de carga e descarga.

ARTIGO 58

1.—En ningún caso, os vehículos que realicen operacións de carga e descarga, poderán facela nos

lugares onde con carácter xeral estea prohibida a parada.

2.—Tampouco poderán pararse total ou parcialmente nas beirarrúas, plataformas, paseos ou zonas sinalizadas con franxas brancas oblicuas.

ARTIGO 59

As mercadorías e demais materiais que sexan obxecto de carga e descarga non se deixarán sobre a calzada ou a beirarrúa, senón que se trasladarán directamente do inmovible ó vehículo ou viceversa.

ARTIGO 60

As operacións de carga e descarga faranse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios e coa obriga de deixar limpa a beirarrúa.

ARTIGO 61

As mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, utilizando os medios necesarios para axilizar a operación e procurando non dificultar a circulación, tanto de peóns coma de vehículos.

ARTIGO 62

1.—As zonas reservadas de carga e descarga que supoñan un aproveitamento particular da vía pública, serán autorizadas pola Comisión Municipal de Goberno, e sometidas a prezo público.

2.—As persoas ou entidades autorizadas na concesión destes aproveitamentos, deberán solicitar previamente a correspondente licencia en instancia acompañada dun deseño detallado da ocupación, de acordo co sinalado na Ordenanza correspondente.

3.—Será preceptivo o informe da Policía Local e dos servicios técnicos correspondentes.

4.—As reservas de espazo particulares someteranse a xuízo da Comisión, que aplicará criterios restrictivos e resolverá motivadamente, o que constará no acordo.

ARTIGO 63

1.—As reservas da carga e descarga de carácter xeral estarán sometidas a réxime de limitación de horario, que se fixará con carácter xeral de 8,00 a 12,00 horas e de 17,00 a 19,00 horas de luns a sábados.

2.—Atendendo a circunstancias de situación, proximidade doutras zonas reservadas ou frecuencia de uso, poderán establecerse variantes ó mencionado réxime xeral do horario.

3.—Tanto o emprazamento das reservas de carga e descarga de carácter xeral, coma os seus

horarios, determinaranse a través de Bando da Alcaldía.

TÍTULO XIX COLECTORES

ARTIGO 64

1.—Os colectores de recollida de mobles ou obxectos, os de residuos de obras e os de lixo domiciliario, colocaranse naqueles puntos da vía pública que o órgano municipal competente determine, evitando calquera prexuízo ó tráfico, e a menor perda de estacionamentos posibles.

2.—Os lugares da calzada destinados á colocación de colectores terán a condición de reservas de estacionamento, e serán limitadas mediante elementos físicos visibles.

TÍTULO XX PRECAUCIÓN DE VELOCIDADE EN LUGARES DE INFLUENCIA

ARTIGO 65

Nas rúas onde se circula por un carril e en todas aquelas, onde a afluencia de peóns sexa considerable, os vehículos reducirán a velocidade á axeitada e tomarán as precaucións necesarias. As mesmas medidas deberán ser adoptadas en caso de chuvia, mal estado do pavimento ou estreitamento da vía.

TÍTULO XXI CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE DÚAS RODAS

ARTIGO 66

1.—Os vehículos automóbiles de dúas rodas (motocicletas ou ciclomotores) non poderán circular entre dúas filas de vehículos de superior categoría, nin entre unha fila e a beirarrúa.

2.—As motocicletas e os ciclomotores non poderán producir ruídos ocasionados por aceleracións bruscas, tubos de escape alterados ou outras circunstancias anómalas.

3.—Os vehículos, ós que se fai referencia no apartado anterior, non poderán circular en ningún caso por beirarrúas e paseos.

CICLOMOTORES

ARTIGO 67

O conductor do ciclomotor queda obrigado a estar en posesión e levar con el a seguinte documentación:

- a) Licencia ou permiso válidos para a conducción.

- b) A tarxeta de inscrición na Xefatura Provincial de Tráfico.

- c) Documento acreditativo de estar en posesión e estar actualizado o seguro obrigatorio, a responsabilidade civil, derivado da tendencia para a circulación de vehículos de motor de subscripción obrigatoria, de conformidade co que establece a lexislación vixente.

Esta documentación deberá ser exhibida cando o requiran os axentes da autoridade.

ARTIGO 68

1.—As infraccións ás que se refiren os apartados a, b e d, do artigo seguinte, levarán emparellada a inmovilización do vehículo, que se trasladará ó depósito municipal, correndo a cargo dos titulares o abono dos gastos que se orixinen.

2.—Os ciclomotores con máis de 16 días no Depósito Municipal co coñecemento formal do titular, consideraranse vehículos abandonados, procedéndose con eles de acordo co disposto no artigo 44 e seguintes desta Ordenanza.

ARTIGO 69

Constitúen infraccións a esta Ordenanza os seguintes feitos:

- a) Non inscribi-lo ciclomotor na Xefatura Provincial de Tráfico.
- b) Conduci-lo ciclomotor sen estar en posesión da documentación esixida nos apartados a,b, e c, do artigo 67 desta Ordenanza.
- c) Non levar consigo a documentación esixida nos apartados a,b, e c, do artigo 67 desta Ordenanza.
- d) Non te-la placa de matrícula colocada na parte posterior do ciclomotor.
- e) Non cumpri-las obrigas que establece o artigo 72 desta Ordenanza, en canto ás transferencias do ciclomotor.
- f) Modificar de calquera xeito as placas de matrícula.
- g) Non leva-las placas de matrícula do ciclomotor perfectamente visibles.

BICICLETAS

ARTIGO 70

1.—As bicicletas poderán circular polas beirarrúas, plataformas e paseos, se teñen un carril especialmente reservado a esta finalidade, pero os peóns gozarán de preferencia de paso.

2.—Onde existan, circularán polo carrís reservados a bicicletas; se non os houbera, farano polas beiravías (se son practicables). Cando circulen

pola calzada, farano tan preto da beirarrúa dereita como lle sexa posible, agás onde haxa carrís reservados a outros vehículos. Neste caso, circularán polo carril contiguo ó reservado.

3.—Nas vías con diversas calzadas, circularán polos laterais dereitos.

4.—Nos parques públicos e illas de peóns, farano polos camiños sinalizados. Se non hai, non excederán a súa velocidade da normal dun peón. En calquera caso estes gozarán de preferencia.

TÍTULO XXII

PERMISOS ESPECIAIS PARA CIRCULAR

ARTIGO 71

Os vehículos que teñan un peso ou unhas dimensións superiores ás autorizadas regulamentariamente, non poderán circular polas vías públicas urbanas de titularidade municipal sen autorización municipal; esta autorización, é independente da outorgada polo Ministerio de Fomento á que fan referencia o artigo 222 do Código da Circulación.

As autorizacións indicadas no punto anterior poderán ser para unha soa viaxe ou número determinado, sendo outorgadas polo Alcalde e solicitadas a través de instancia dirixida ó mesmo.

TÍTULO XXIII

TRANSPORTE ESCOLAR E DE MENORES

ARTIGO 72

A prestación dos servicios de transporte escolar e de menores dentro do municipio estará suxeita á previa autorización municipal.

ARTIGO 73

Na aplicación desta Ordenanza, entenderase por transporte escolar urbano, o transporte discrecional reiterado de escolares en vehículos automóbiles públicos ou de servicio particular complementario, con orixe nun centro de ensino ou con destino a este, cando a idade de un tercio, como mínimo dos alumnos transportados, referida ó principio do curso escolar, sexa inferior a dezaseis anos e o vehículo circule dentro do Concello.

ARTIGO 74

Considerarase transporte urbano de menores, o transporte non incluído no artigo precedente, realizado en vehículos automóbiles de máis de nove prazas, incluída a do conductor, sexa público ou ben de servicio particular complementario, cando como mínimo as tres cuartas partes dos viaxeiros sexan menores de catorce anos e o vehículo circule dentro do Concello.

ARTIGO 75

Para a realización do transporte escolar ou de menores dentro do Concello deberán solicitarse a autorización municipal, as persoas físicas ou xurídicas titulares dos vehículos ou do servicio, as cales xuntarán á solicitude a documentación requirida pola lexislación vixente e, no caso do transporte escolar, o itinerario que propoñan e as paradas que pretendan efectuar.

ARTIGO 76

A autorización motivada, previo informe da Policía Local, será outorgada pola Alcaldía e, no seu caso, pola Comisión Municipal de Goberno e só terá vixencia para o curso escolar correspondente. Deberase solicitar nova autorización por calquera modificación das condicións que foi outorgada, tipo de vehículo, número de pasaxeiros, itinerario e paradas. As autorizacións municipais serán colocadas polos conductores en sitio visible e amosarase ós axentes da Policía Local cando sexan requiridos para eso. O incumprimento destas obrigacións constituirá unha infracción sancionable.

TÍTULO XXIV

ESTACIÓN DE AUTOBUSES

ARTIGO 77

As estacións de autobuses e as terminais autorizadas, serán a orixe ou final das liñas de transporte regular de viaxeiros de carácter interurbano. Os autobuses interurbanos non farán outras paradas dentro do Concello, agás as expresamente autorizadas por decreto da Alcaldía.

TÍTULO XXV

USOS PROHIBIDOS NAS VÍAS PÚBLICAS

ARTIGO 78

1.—Non se permitirá nas zonas reservadas ó tráfico de peóns nin nas calzadas, os xogos ou diversións que poidan representar un perigo para os transeúntes ou incluso para os mesmos que o practiquen.

2.—Os patíns, monopatíns, patinetes, bicicletas ou triciclos de nenos e similares, axudados ou non de motor, poderán circular polas beirarrúas, plataformas e paseos, axeitando a súa velocidade á normal dun peón e estarán sometidos ás normas establecidas para estes no artigo 17 desta Ordenanza.

3.—Os axentes da Policía Local poderán intervi-los xoguetes instrumento da infracción polo tempo necesario de identificar a unha persoa responsable e notificarlle a denuncia.

TÍTULO XXVI
ANULACIÓN, REVOGACIÓN
E INTERVENCIÓN DE AUTORIZACIONES

ARTIGO 79

As autorizacións e permisos municipais referentes a materias relacionadas con esta ordenanza poderán ser revogadas polo Concello mediando xusta causa ou por non cumprí-los requisitos ou axustarse ás condicións do seu outorgamento.

ARTIGO 80

No curso dos procedementos de declaración de nulidade, anulación e revogación das autorizacións administrativas, poderá acordarse a suspensión cautelar ou intervención da autorización en cuestión, cando o seu mantemento entraña un grave perigo para a seguridade do tráfico ou prexudique notoriamente o interese público, neste caso a autoridade que coñeza o expediente ordenará, mediante resolución fundada, a intervención inmediata da autorización e a práctica de cantas medidas sexan necesarias para impedi-lo efectivo exercicio da mesma.

TÍTULO XXVII
PROCEDEMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 81 *Persoas responsables*

1.—A responsabilidade polas infraccións ó disposto nesta Ordenanza recaerá directamente no autor do feito no que consista a infracción.

2.—O titular que figure no rexistro do vehículo será en todo caso responsable polas infraccións relativas á documentación do vehículo, as relativas ó estado de conservación, cando as deficiencias afecten ás condicións de seguridade do vehículo, e polas derivadas do incumprimento das normas relativas a recoñecementos periódicos.

3.—O titular do vehículo debidamente requirido para iso, ten o deber de identificar ó conductor responsable da infracción, e se incumprise esta obriga no trámite do procedemento oportuno sen causa xustificante, será sancionado pecuniariamente como autor de falta grave.

ARTIGO 82 *Ámbito de aplicación*

Non se imporá ningunha sanción por infraccións ós preceptos desta Ordenanza Municipal de Circulación senón en virtude do procedemento instruído consonte coas normas previstas no presente título desta Ordenanza. En todo aquilo que non estea previsto nesta Ordenanza será de aplicación o procedemento regulado no Regulamento de Procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e se-

guridade vial, aprobado polo Real Decreto 320/1994, do 25 de febreiro, ou no seu defecto, polo procedemento establecido no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

ARTIGO 83

Actuacións administrativas e xudiciais penais.

1.—En caso de falta de tipificación de infraccións por parte desta Ordenanza e que se contemplan como tales na Lei de Seguridade Vial, disposicións complementarias ou norma vixente de carácter xeral, estarase ó que dispoñan as mesmas a efectos de sanción.

2.—Cando, como consecuencia dun proceso penal, se abstivese a administración de actuar para sancionar posibles infraccións ós preceptos do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial e o proceso remate con sentenza absolutoria ou outra resolución que lle poña fin provisional ou definitivamente, sen declaración de responsabilidade penal e sempre que a mesma non estea fundamentada na existencia do feito, poderá iniciarse, continuar ou restablecerse o correspondente procedemento nos termos previstos nesta Ordenanza para determina-la posible existencia dunha infracción administrativa.

ARTIGO 84 *Incoación do procedemento*

O procedemento sancionador incoarase de oficio pola autoridade municipal competente que teña noticias dos feitos que poidan constituír infracción ós preceptos desta Ordenanza ou mediante denuncia formulada polos axentes da autoridade encargados da vixilancia e seguridade do tráfico.

Así mesmo, poderase incoar un procedemento pola autoridade municipal competente, como consecuencia de denuncia formulada por calquera persoa que teña coñecemento de feitos que supoñan infraccións de circulación.

ARTIGO 85

Denuncias de carácter obrigatorio e voluntario.

1.—Os axentes da autoridade encargados do servizo de vixilancia do tráfico deberán denuncia-las infraccións que observen cando exerzan funcións de vixilancia e control da circulación vial.

2.—Calquera persoa poderá, igualmente, formular denuncia por feitos que poidan constituír infraccións ós preceptos contidos na presente Ordenanza.

3.—Terán consideración de denuncias voluntarias, as formuladas polos vixilantes xurados: Personal do Servicio O.R.A., etc.

ARTIGO 86 Contido das denuncias

Nas denuncias por feitos de circulación, deberá constar: a identificación do vehículo co que se cometera a suposta infracción, a identidade do denunciado, se fora coñecida, unha relación circunstanciada do feito, con expresión do lugar, data e hora e o nome, profesión e domicilio do denunciante. Cando este sexa un axente da autoridade, poderán substituírse estes datos polo seu número de identificación.

ARTIGO 87 Requisitos das denuncias de carácter obrigatorio por feitos de circulación.

Os correspondentes boletíns de denuncia estenderase por triplicado. Un deles quedará en poder do denunciante, o segundo entregárase ó denunciado se fose posible e o terceiro remitirase á Alcaldía. Os boletíns serán asinados polo denunciante e o denunciado, sen que a sinatura deste último implique conformidade cos feitos que motivan a denuncia, senón unicamente coa recepción do exemplar a el destinado. No caso de que o denunciado se negase a asinar ou non soubera facelo, o denunciante así o fará constar.

Cando o conductor denunciado non estivese presente no momento de estende-la denuncia, o boletín colocárase suxeito polo limpaparabrisas do vehículo, sen que iso implique notificación da infracción e facéndose consta-la súa ausencia.

ARTIGO 88

Cando o conductor responsable da infracción resultase descoñecido, notificarase a denuncia á persoa que figure como titular do vehículo nos Rexistros de Conductores e Infractores. O titular do vehículo estará obrigado a facilitar-las datos do conductor infractor, sendo en caso negativo sancionado como autor da comisión de falta grave.

ARTIGO 89 Requisitos das denuncias de carácter voluntario por feitos de circulación

- a) A denuncia poderá formularse verbalmente ante os axentes de vixilancia de tráfico máis próximos ó lugar do feito ou por escrito dirixido ó Alcalde-Presidente, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.
- b) Faranse constar nas denuncias os datos e circunstancias que se consignan no artigo 75 da presente Ordenanza.
- c) Se a denuncia se presentase ante os axentes de vixilancia de tráfico, formalizarase por eles o regulamentario boletín de denuncia, no que se farán constar, ademais dos requisitos esixidos no artigo citado no apartado b), se persoalmente comprobou ou non a infracción denunciada, así coma o nome e domicilio do particular denunciante, remitindo un exem-

plar do boletín á Alcaldía para a súa tramitación, sen prexuízo de entregar un duplicado ó denunciado se fose posible.

ARTIGO 90 Requisitos das denuncias por feitos alleos á circulación

1.—Nas denuncias por feitos alleos á circulación especificáranse tódolos datos necesarios para a exacta descrición dos mesmos. 2.—Nestas denuncias, consignárase o nome, enderezo, profesión do denunciante e a súa sinatura.

ARTIGO 91 Tramitación de denuncias

1.—Recibida a denuncia na Alcaldía, procederáse á cualificación dos feitos e graduación da multa ou a verificación da cualificación e multa consignadas na mesma polo axente denunciante, impulsándose a anterior tramitación ou propoñéndose polo órgano instructor á autoridade competente á correspondente resolución que declare a inexistencia de infracción nos casos de que os feitos denunciados non fosen constitutivos da mesma, ou a improcedencia de impoñer sanción, nos supostos en que non poida identificarse o seu autor.

2.—Sen prexuízo de que os órganos competentes poidan comproba-los feitos referentes, nos casos en que poidan supoñer un risco para a seguridade vial, as denuncias de carácter anónimo serán arquivadas sen que deban efectuarse posteriores trámites ó respecto.

ARTIGO 92 Notificación de denuncias

1.—Como norma xeral as denuncias de carácter obrigatorio, formuladas polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, notificaranse no acto ós denunciados, facendo constar nas mesmas os datos referentes ó artigo 94 desta Ordenanza, así coma que con elas quedan incoados os correspondentes expedientes e, en consecuencia, que dispoñen dun prazo de quince días hábiles para que aleguen canto consideren conveniente na súa defensa e propoñan as probas que estimen oportunas. Por razóns xustificadas, que deberán constar nas propias denuncias, poderanlle ser notificadas as mesmas con posterioridade.

2.—As denuncias formuladas polos axentes da autoridade sen parar ós denunciados non serán válidas, agás que consten nas mesmas e se lles notifiquen as causas concretas e específicas polas que non foi posible dete-lo vehículo ou notifica-la denuncia.

ARTIGO 93 Enderezo das notificacións

1.—A efectos de notificacións, considerarase enderezo do conductor e do titular do vehículo aquel que os interesados indicasen e, no seu defecto, o que figure nos Rexistros de Conductores e Infracto-

res e no de vehículos, respectivamente. Tanto os titulares de vehículos coma de permisos para conducir están obrigados a comunica-los cambios de domicilio.

2.—As notificacións das denuncias que non se entreguen no acto as demais notificacións a que dea lugar o procedemento sancionador, cursaranse ó domicilio indicado no anterior apartado deste artigo e axustaranse ó réxime e requisitos previstos no artigo 58.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3.—As denuncias formuladas en materia de centros de formación de condutores e de recoñecementos para condutores notificaranse ó domicilio que destes centros figure nos correspondentes rexistros.

ARTIGO 94 Instrucción do procedemento

1.—A Sección de Circulación da Policía Local será o órgano instructor dos expedientes e deberá notificar as denuncias, se non se fixese polo denunciante, ó presunto infractor, concedéndolle un prazo de quince días hábiles para que alegue canto considere conveniente á súa defensa e propoña as probas que estime oportunas.

2.—Das alegacións do denunciado, agás que non aporten datos novos ou distintos dos inicialmente constatados polo denunciante, darase traslado a este para que informe no prazo máximo de quince días.

3.—Cando se trate dunha denuncia voluntaria e no escrito de alegacións se neguen os feitos imputados, darase traslado ó denunciante para que no prazo de quince días, aporte as probas da infracción denunciada.

4.—Durante o prazo dos dez días seguintes ó da notificación desta denuncia, poderá facer efectiva a multa, cunha redución do 50%, na Tesourería deste Concello, sen prexuízo de facer uso do seu dereito de presentar alegacións no expediente.

ARTIGO 95 Período de proba

1.—Cando fose necesario para a investigación e cualificación dos feitos ou para a determinación das posibles responsabilidades, o órgano instructor acordará a apertura dun período de proba, por un prazo non superior a trinta días nin inferior a dez, co fin de que poidan practicarse todas aquelas que sexan axeitadas. O órgano instructor do procedemento só poderá rexeitar mediante resolución motivada as probas propostas polos interesados, cando sexan improcedentes. Nos casos en que, a petición do interesado, deban efectuarse probas onde a súa realización implique gastos que non deba soportala Administración Municipal, esta poderá esixilo anticipo dos mesmos, a reserva da

liquidación definitiva, unha vez practicada a proba. A liquidación dos gastos practicarase unindo os comprobantes que acrediten a realidade e contía dos mesmos.

2.—Unha vez concluída a instrucción do procedemento e practicada a audiencia ó interesado, polo órgano correspondente, salvo cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos e outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado, o instructor elevará a proposta de resolución ó órgano que teña atribuída a competencia sancionadora para que dicte a resolución que proceda.

ARTIGO 96 Presunción de veracidade das denuncias efectuadas polo axentes da autoridade

As denuncias efectuadas polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico terán valor probatorio respecto dos feitos denunciados, sen prexuízo do deber de daqueles de aportar tódolos elementos probatorios que sexan posibles sobre o feito denunciado e das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou aporta-los propios denunciados.

ARTIGO 97 Resolución

1.—O Alcalde-Presidente dictará resolución sancionadora ou resolución que declare a inexistencia de responsabilidade pola infracción. Dita resolución dictarase por escrito conforme prevén o art. 55.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, agás que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, neste caso o titular da competencia deberá autorizar unha relación das que dictase de forma verbal, con expresión do seu contido conforme prevé o artigo 55.2 da referida Lei. A resolución terá que notificarse no prazo de seis meses dende que se iniciou o procedemento, deberá ser motivada e decidirá tódalas cuestións expostas polos interesados e aquelas outras derivadas do procedemento.

2.—A resolución non poderá ter en conta feitos distintos dos determinados na fase de instrucción do procedemento, sen prexuízo da súa diferente valoración xurídica.

3.—O Alcalde-Presidente, como titular da potestade sancionadora en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, poderá delega-las súas competencias con arranxo ás normas polas que se rexe a Administración Local.

ARTIGO 98 Caducidade

Se non se notificase a resolución transcorridos seis meses dende a iniciación do procedemento,

producirase a caducidade deste e procederáse ó arquivo das actuacións, a solicitude de calquera interesado ou de oficio polo propio órgano competente para dicta-la resolución, excepto nos casos nos que o procedemento previsto no art. 2.1 do Regulamento do Procedemento Sancionador, así como tamén polas causas previstas no artigo 42.5 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, modificada pola 4/1999 do 13 de xaneiro.

ARTIGO 99 Recursos

As resolucións dictadas polo Alcalde-Presidente en materia de tráfico en expedientes sancionadores, que poñen fin á vía administrativa, só serán recorribles perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán interpoñer recursos potestativo de reposición perante o órgano que dictou o acto, na forma regulada na Lei do Procedemento Administrativo.

ARTIGO 100 Prescrición

1.—A acción para sanciona-las infraccións prescribe ós tres meses, contados a partir do día no que se cometesen os feitos. Previamente á iniciación e durante a substanciación do procedemento sancionador, comprobarase se a infracción prescribiu, acordándose, en tal caso, a non procedencia da súa iniciación, ou continuación.

A prescrición interrómtese por calquera actuación da Administración Municipal da que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a esclarece-la súa identidade ou domicilio ou polas notificacións efectuadas de acordo co establecido no artigo 97 desta Ordenanza.

O prazo de prescrición restablecerase se o procedemento estivese paralizado, durante máis de un mes por causa non imputable ó denunciado.

2.—O prazo de prescrición para a execución da sanción será de un ano, e comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impuxese esta sanción, este prazo só se interromperá pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento en execución.

3.—A prescrición aplicarase de oficio polo órganos competentes nas diversas fases de tramitación do expediente.

ARTIGO 101 Execución de sancións

1.—Non se poderá proceder á execución das sancións previstas nesta Ordenanza que non requirán firmeza na vía administrativa.

2.—A suspensión das autorizacións reguladas nesta Ordenanza levaranse a efecto, unha vez que adquira firmeza a sanción imposta, mediante orde cursada ó infractor para que entregue o documen-

to, obxecto de suspensión, ó axente da autoridade que se indique.

En caso de desobediencia a esta orde pasarase o tanto de culpa á Autoridade Xudicial.

3.—Con independencia do sinalado no número anterior, tomará razón nos rexistros correspondentes do período de suspensión. O exercicio das actividades propias da respectiva autorización durante este período, aínda que se faga co documento non entregado, será considerada a tódolos efectos, como infracción.

ARTIGO 102

As multas deberán facerse efectivas na Caixa Municipal dentro dos quince días hábiles seguintes á data da súa firmeza.

1.—Vencido o prazo de ingreso establecido no apartado anterior sen que se satisfixese a multa, a súa exacción levarase a cabo pola vía de constrinximento, co recargo e custas que correspondan. A ese efecto, será título executivo a Certificación de Descuberto expedida pola Intervención Municipal.

2.—Cando as sancións fosen impostas pola Alcaidía, os órganos e procedementos da Recadación Executiva serán os establecidos no Regulamento Xeral de Recadación e demais normas de aplicación.

3.—Os actos de xestión recadadora en vía de constrinximento dictados polos órganos da Administración Municipal respecto das multas impostas por infraccións á Ordenanza Municipal de Circulación serán impugnables en vía contencioso-administrativa previa interposición do recurso de reposición.

A Estrada, 30 de xaneiro de 2002.—O Alcalde.

ANEXO I

CADRO CODIFICADO DE MULTAS

Ó abeiro do disposto no artigo 93-1' do Regulamento Xeral de circulación, Real Decreto lexislativo 13/92 do 17 de xaneiro, que faculta ós concellos, para regula-lo réxime de paradas e estacionamentos, de conformidade co establecido no artigo 7 do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, Real Decreto Lexislativo 339/90 do 2 de marzo, que atribúe ós municipios a competencia de ordenación e control do tráfico a denuncia e a sanción das infraccións que se cometan en vías urbanas, de conformidade coa base 2ª da Lei de Bases sobre tráfico, circulación e seguridade vial, Lei 18/89 do 25 de xullo, así coma no artigo 25 da Lei reguladora de bases do réxime local 7/85, do 2 de abril, que recoñece, entre as súas competencias, a potestade sancionadora dos alcaldes, é polo que en virtude do antes exposto, se imporán as seguintes sancións:

INFRACCIÓN LEVES

<i>Código</i>	<i>Infracción</i>	<i>Artigo</i>	<i>Tipo</i>	<i>Importe</i>
01	Estacionar vehículo en parte de vía reservada a outros usuarios	RXC 94	L	48,08
02	Estacionar vehículo separado do borde da calzada	RXC 90	L	48,08
03	Estacionar antirreglamentariamente	RXC 90	L	48,08
04	Estacionar en dobre fila	RXC 94	L	48,08
05	Estacionar en un lugar prohibido pola autoridade en zona urbana	RXC 94	L	48,08
06	Estacionar en zona con marcas amarelas	RXC 171	L	48,08
07	Estacionar en paso de peóns	RXC 94	L	48,08
08	Estacionar fóra do perímetro marcado	OMC 21	L	48,08
09	Estacionar onde estea prohibida la parada	OMC 21	L	48,08
10	Estacionar en zona de uso exclusivo para discapacitados	OMC 21	L	48,08
11	Estacionar en zonas reservadas para cargas e descargas	OMC 21	L	48,08
12	Estacionar sobre a beirarrúa	OMC 21	L	48,08
13	Estacionar sobre plataformas, refuxios e paseos	OMC 21	L	48,08
14	Estacionar en vao permanente	OMC 21	L	48,08
15	Estacionar a menos de cinco metros dunha esquina	OMC 21	L	48,08
16	Estacionar molestando a manobra de calquera vehículo	OMC 21	L	48,08
17	Estacionar sobresaíndo do vértice dunha esquina	OMC 21	L	48,08
18	Estacionar impedindo a saída do vehículo estacionado regulamentariamente	OMC 21	L	48,08
19	Estacionar imposibilitando o sentido da circulación	OMC 21	L	48,08
20	Estacionar impedindo o paso doutros vehículos	OMC 21	L	48,08
21	Estacionar nun lugar por máis de 8 días ininterrompidamente	OMC 21	L	48,08
22	Estacionar en zona ocupada por actividade autorizada	OMC 21	L	48,08
23	Estacionar en zona peonil, xardíns ou subtraída do uso para os vehículos	OMC 21	L	48,08
24	Estacionar vehículo de dúas rodas en lugar non autorizado	OMC 24	L	48,08
25	Estacionar remolques separados dos vehículos autorizados para desprazalos	OMC 20	L	48,08
26	Parar vehículo en parte de vía reservada a outros usuarios	RXC 19	L	30,05
27	Parar en paso de peóns	RXC 94	L	30,05
28	Parar en vehículo separado do borde dereito da calzada	RXC 90	L	30,05
29	Parar nas rúas urbanizadas sen beirarrúas non deixando distancia mínima	OMC 18	L	30,05
30	Non para-lo vehículo de xeito paralelo ó borde da calzada	OMC 18	L	30,05
31	Abandona-lo vehículo parado	OMC 18	L	30,05
32	Colocar ou emitir publicidade en lugares ou mediante medios non permitidos pola ordenanza sen autorización	OMC 11	L	48,08
33	Non deterse perante o sinal de stop	RXC 151	L	90,15
34	Non obedecer sinal de prohibición ou restricción	RXC 153	L	48,08
35	Non obedecer sinal de circulación prohibida	RXC 152	L	60,10
36	Non obedecer sinal de entrada prohibida	RXC 152	L	60,10
37	Non obedecer ordres do axente de circulación	RXC 143	L	90,15
38	Non obedecer sinal obrigatoria	RXC 155	L	48,08
39	Non sinalizar eficazmente vehículo inmovilizado na vía	RXC 130	L	48,08
40	Non sinalizar con antelación suficiente a realización dunha manobra	RXC 109	L	48,08
41	Non sinaliza-la presenza de obstáculo ou perigo	RXC 5	L	30,05
42	Realizar actuacións de descarga por tempo superior a 20 minutos	OMC 57	L	48,08
43	Incumprimento de horario de carga e descarga	OMC 63	L	30,05
44	Deixar mercadorías ou materiais sobre a calzada ou beirarrúa	OMC 59	L	30,05
45	Realizar actuacións de carga ou descarga en lugar non autorizado	OMC 57	L	48,08
46	Circulación incorrecta de viandantes polas beirarrúas e calzadas	OMC 17	L	30,05
47	Circular pola vía pública con monopatíns e patíns	OMC 17	L	30,05
48	Abri-las portas do vehículo con perigo para outros usuarios	RXC 114	L	48,08
49	Circular camións con pneumáticos sen debuxo enteiro	LSV 61	L	48,08
50	Circular con vehículo en zona peonil	RXC 121	L	48,08
51	Circular en paralelo con outro vehículo	RXC 36	L	48,08
52	Circular pola beiravía inxustificadamente	RXC 30	L	30,05
53	Circular por unha vía contravindo orde autoridade tráfico	RXC 37	L	48,08

<i>Código</i>	<i>Infracción</i>	<i>Artigo</i>	<i>Tipo</i>	<i>Importe</i>
54	Circular sen cinguirse á dereita	RXC 29	L	30,05
55	Circular turismo co pneumático sen debuxo enteiro	LSV 61	L	30,05
56	Conducir un vehículo sen atención á conducción	RXC 18	L	48,08
57	Emitir gases ou ruídos excedendo límites regulamentarios	RXC 7	L	48,08
58	Circular en motocicleta sen levar acendido o alumado	RXC 104	L	48,08
59	Circular en ciclomotor con pneumáticos sen debuxo enteiro.	LSV 61	L	30,05
60	Circular en moto con pneumático sen debuxo enteiro	LSV 61	L	30,05
61	Circular dúas persoas en ciclomotor non autorizado	RXC 12	L	48,08
62	Circular cun menor de doce anos en asento dianteiro	RXC 10	L	30,05
63	Non exhibir perante o axente a autorización para conducir	LSV 50	L	36,06
64	Non exhibir perante o axente a documentación regulamentaria do vehículo	LSV 50	L	36,06
65	Non leva-las placas de matrícula iluminadas	RXC 103	L	30,05
66	Non presentar perante o axente a documentación acreditativa do seguro	LRSC 3	L	60,10
67	Non respecta-lo conductor o ordenado polo semáforo	RXC 146	L	48,08
68	Non respecta-lo peón a luz vermella do semáforo	RXC 145	L	48,08
69	Non utiliza-la persoa denunciada o casco de protección homologado	RXC 118	L	48,08
70	Non utiliza-la persoa denunciada adecuadamente o cinto de seguridade	RXC 117	L	30,05
71	Non utiliza-la persoa denunciada o cinto de seguridade	RXC 117	L	60,10
72	Posición inadecuada dos pasaxeiros	RXC 10	L	30,05
73	Transportar co vehículo un número superior de persoas as autorizadas regulamentariamente.	RXC 9	L	48,08
74	Utiliza-los sinais acústicos sen motivo regulamentario	RXC 110	L	48,08
75	Utilizar luz de brétema sen causa xustificada	RXC 106	L	48,08
76	Non sinalizar adecuadamente obstáculo ou perigo	OMC 10	L	48,08
77	Xogar á pelota ou similares na vía pública	OMC 17	L	18,03

INFRACCIÓNS GRAVES

<i>Código</i>	<i>Infracción</i>	<i>Artigo</i>	<i>Tipo</i>	<i>Importe</i>
01	Tirar á vía ou nas inmediacións obxectos que poidan producir incendios	LSV 10	G	120,02
02	Realizacións de obras na vía sen autorización	LSV 10	G	120,02
03	Depósito, abandono ou colocación na vía de obstáculos que poidan dificultar a libre circulación a peóns ou vehículos.	LSV 10	G	120,02
04	Adiantar en tramo de visibilidade reducida	RXC 87	G	120,02
05	Adiantar nun paso de peóns	RXC 87	G	96,16
06	Adiantar nunha intersección	RXC 87	G	96,16
07	Adiantar vehículo pola dereita	RXC 82	G	96,16
08	Adiantar sen que exista espazo suficiente	RXC 84	G	96,16
09	Circular vía insuficientemente iluminada sen alumado de estrada	RXC 100	G	96,16
10	Circular vía suficientemente iluminada sen alumado de cruce	RXC 101	G	96,16
11	Circular con exceso da limitación de velocidade	RXC 45	G	180,30
12	Circular con velocidade anormalmente reducida	RXC 49	G	96,16
13	Circular en sentido contrario ó estipulado	RXC 29	G	96,16
14	Circular marcha atrás podendo evitalo con outra manobra	RXC 80	G	96,16
15	Circular pola esquerda con perigo	RXC 29	G	120,02
16	Circular con vehículo sen ter solicitado a transferencia no prazo regulamentario	LSV 61	G	120,02
17	Circular en ciclomotor carecendo de certificado características	LSV 61	G	96,16
18	Circular sen placas matriculas correctas	LSV 62	G	96,16
19	Circular carecendo permiso de circulación	LSV 60	G	93,16
20	Conducir con permiso de conducción validez caducada susceptible de prórroga	LSV 60	G	93,16
21	Conducir autobús carecendo de permiso de conducción	LSV 60	G	601,01
22	Conducir camión carecendo de permiso de conducción	LSV 60	G	300,51
23	Conducir ciclomotor carecendo de licencia de conducción	LSV 69	G	120,02
24	Conducir moto carecendo de permiso de conducción	LSV 60	G	180,30
25	Conducir turismo carecendo de permiso de conducción	LSV 60	G	180,30
26	Conducir de modo negligente	RXC 3	G	96,16

<i>Código</i>	<i>Infracción</i>	<i>Artigo</i>	<i>Tipo</i>	<i>Importe</i>
27	Conducir vehículo prioritario poñendo en perigo ós demais usuarios	RXC 68	G	96,16
28	Non cede-lo paso en intersección regulada por stop, ceda el paso ou detención obrigatoria	RXC 56	G	108,18
29	Non cede-lo paso a vehículo que se aproxima pola dereita	RXC 57	G	108,18
30	Non facilita-lo paso a vehículo prioritario en urxencia	RXC 69	G	108,18
31	Parar en intersección vía urbana	RXC 94	G	96,16
32	Parar en vía urbana curva visibilidade reducida	RXC 94	G	96,16
33	Parar vía urbana cambio de rasante	RXC 94	G	96,16
34	Parar con risco para outros usuarios	RXC 94	G	96,16
35	Parar obstaculizando gravemente a circulación	RXC 94	G	96,16
36	Estacionar obstaculizando gravemente la circulación	RXC 91	G	108,18
37	Estacionar con risco a outros usuarios	RXC 91	G	108,18
38	Estacionar en vía urbana con curva de visibilidade reducida	RXC 94	G	120,02
39	Estacionar en vía urbana zona visibilidade reducida	RXC 94	G	120,02
40	Estacionar en zona inmediata de intersección dificultando visibilidade	RXC 94	G	96,16
41	Estacionar en intersección de vía urbana	RXC 94	G	96,16
42	Efectuar cambio de sentido creando perigo ós demais usuarios	RXC 78	G	96,16
43	Efectuar un vehículo reformas sen autorización	LSV 61	G	96,16
44	Xirar vehículo sen advertilo con antelación	RXC 74	G	96,16
45	Incorporarse á circulación sen cede-lo paso a vehículo con preferencia	RXC 72	G	96,16
46	Non identificar ó conductor responsable da infracción sendo o titular requirido	LSV 72	G	300,51
47	Non modera-la velocidade esixindo as circunstancias	RXC 46	G	96,16
48	Non presenta-lo vehículo a inspección técnica en prazo	LSV 61	G	96,16
49	Non respecta-lo paso de peóns debidamente sinalizado	RXC 65	G	96,16
50	Non substituír alumeado producindo deslumbramento	RXC 102	G	120,02
51	Colocación de sinalización sen autorización, retirada, deterioro, traslado ou ocultación de sinalización.	LSV 58	G	120,02
52	Circular con motocicleta ou moto con aceleracións bruscas	OMC 56	G	96,16
53	Circular sen dispositivo silenciador, escape libre ou en malas condicións	OMC 56	G	96,16

INFRACCIÓNS MOI GRAVES

<i>Código</i>	<i>Infracción</i>	<i>Artigo</i>	<i>Tipo</i>	<i>Importe</i>
01	Conducción de vehículos baixo inxestión de bebidas alcohólicas estupefacientes ou análogos	LSV 12	MG	480,81
02	Incumprimento da obriga de someterse ás probas de detención das substancias da infracción anterior.	LSV 12	MG	480,81
03	Conducción temeraria	LSV 9	MG	360,61
04	Omisión de socorro en caso de urxente necesidade ou accidente grave	LSV 51	MG	360,61
05	Realizar competicións con outros vehículos ou carreiras non autorizadas.	LSV 20	MG	360,61

As non recollidas na anterior relación serán sancionadas de conformidade co establecido no Regulamento xeral de circulación e a Lei 19/2001 do 19 de decembro.

En período voluntario poderá aboarse a sanción co 30 % de desconto sobre as cantidades indicadas.

ANEXO II

MODELO DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA DIMINUÍDOS FÍSICOS

(Segundo modelo.)

ANEXO III

MODELO DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAL SANITARIO

(Segundo modelo.)

ANEXO IV

MODELO DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO TEMPORAL

(Segundo modelo.)

Pola Policía Local, poderá autorizarse estacionamento temporal de vehículos por causas xustificadas.

A Estrada, 17 de setembro de 2002.—O Alcalde, ilexible.

7720